

NESTE DOCUMENTO FACEMOS UN BREVE REPASO DAS ACTIVIDADES QUE REALIZAMOS DURANTE O TRIMESTRE.

COMA SEMPRE COMEZAMOS COA CHEGADA DO ALUMNADO DESPOIS DAS VACACIÓNS DE VERÁN, VOLVEMOS A VER OS COMPAÑEIRAS E COMPAÑEIRAS QUE TANTO BOTÁBAMOS DE MENOS, VOLVEMOS A ENCONTRARNOS COS MESTRES E MESTRAS... E VIVIMOS O PERÍODO DE VINCULACIÓN CO NOVO ALUMNADO, ONDE NOS IMOS COÑECENDO E FACENDO GRUPO.



## RUTINAS

### RUTINAS DIARIAS

A ENTRADA CADA DÍA NA ESCOLA É UN MOMENTO MOI ESPECIAL ONDE PODER COMPARTIR PEQUENOS DETALLES, COMO EXPRESAR COMO NOS SENTIMOS MENTRES POUAMOS A MOCHILA NO CASILLEIRO A CAZADORA NO PERCHEIRO, CAMBIAMOS O CALZADO POLAS NOSAS PANTUFAS QUENTIÑAS E IMOS LAVAR AS MANS PARA A CONTINUACIÓN REVISAR DE QUE SOMOS ENCARGADOS ESTE DÍA.

LOGO REALIZAMOS UN DEBUXO DO QUE NOS ACONTECEU A TARDE ANTERIOR OU CALQUERA OUTRA COUSA QUE CONSIDEREMOS.



CANDO ESTAMOS TOD@S PREPARAD@S MIRAMOS QUEN ESTÁ NA ESCOLA, E QUEN NON, ESTABLECEMOS A DATA DESTE DÍA, OBSERVANDO SEGUNDO O DÍA DA SEMANA NO QUE NOS ATOPAMOS AS ACTIVIDADES QUE REALIZAREMOS, ESCRIBIMOS UNHA PALABRA FAVORITA E COMO CONSIDERAMOS O MOVIMENTO E ACTIVIDADE PSICOMOTORA UN ASPECTO FUNDAMENTAL NO DESENVOLVEMENTO DA CRIANZA PASAMOS A EXECUTAR A AS CANCIÓNS MOTORAS, XUNTO CON OUTRAS.

PARA LOGO VOLTAR Á CALMA E TER UN MOMENTO DE FALADOIRO ANTES DE PASAR AOS TALLERES E ACTIVIDADES COS ESPECIALISTAS.

### CONTO DE FIN DE SEMANA

UNHA VEZ POR SEMANA, O ALUMNADO LEVA UN CONTO PARA CASA, PARA SER CONTADOS POR ALGÚN ADULTO, IRMÁNS, AMIGOS, ETC. OU BEN OS PROPIOS NENOS OU NENAS SON ELES MESMOS QUEN REALIZAN A SÚA PROPIA LECTURA, VISIONANDO IMAXES E ESCENAS, E DESCRIBINDO A HISTORIA, APROXIMÁNDOSE ASÍ Á LECTURA PROPIAMENTE DITA.



### BOLSA PSICOMOTORA

CONSIDERANDO QUE PARA O DESENVOLVEMENTO DO NENO/A, A INTEGRACIÓN SENSORIAL É PRIORITARIA E POLO TANTO A NECESIDADE DE MOVEMENTO, TEMOS ORGANIZADO O "MÓVETE MEIS" UN GRUPO DE BOLSAS DE MATERIAL ESPECÍFICO QUE PERMITE LEVAR A CABO DISTINTAS ACTIVIDADES PSICOMOTORAS

### TALLERES E PROPOSTAS

A NOSA AULA ATÓPASE DIVIDIDA EN DIFERENTES ZONAS NAS QUE INVESTIGAR, CREAR, INTERACTUAR, XOGAR... ESTES ESPAZOS ESTÁN INTERCOMUNICADOS, OS NENOS/AS PODEN PASAR DUN LUGAR A OUTRO SEGUNDO AS SÚAS NECESIDADES E INTERESES.

OS ESPAZOS SON PREPARADOS POLA MESTRA CON DIFERENTES PROPOSTAS, PRESENTADOS EN BANDEXAS INDIVIDUAIS OU COMO PROVOCACIÓN DIARIAS PARA TRABALLAR UN CONTIDO ESPECÍFICO.



O NOSO PAPEL COMO MESTRAS É PREPARAR ESAS PROPOSTAS, DARLLE SIGNIFICADO Ó QUE O NENO/A ESTÁ FACENDO, ORIENTAR O XOGO, MARCAR LÍMITES E INTRODUCIR ELEMENTOS NOVOS..., EN DEFINITIVA, FACER POSIBLE UNHA APRENDIZAXE AUTÓNOMA, INDIVIDUALIZADA, NA QUE O ALUMNADO É O PROTAGONISTA ACTIVO.

AO MESMO TEMPO TAMÉN PROGRAMAMOS TALLERES, ONDE AS APRENDIZAXES SE FAN CON TODO O GRUPO AULA.

AO LONGO DESTE PRIMEIRO TRIMESTRE ESTAS PROPOSTAS E TALLERES TRATARON SOBRE DISITINTOS ASPECTOS OU TEMATICAS, VARIADA NO MOMENTO DE CHEGADA, O OUTONO E OS SEUS ELEMENTOS, O SAMAÍN, O NADAL....

TANTO AS PROPOSTAS COMA OS TALLERES ORGANÍZANSE EN TORNO A 3 EIXOS FUNDAMENTALES:

## LÓXICA-MATEMÁTICA

NESTE ESPAZO OFRÉCNSE PROPOSTAS REALIZADAS CON DIVERSOS TIPOS DE MATERIAIS, PERMITINDO UN ACHEGAMENTO AOS DIFERENTES ASPECTOS DA MATEMÁTICA (LÓXICA, NUMERACIÓN, CUANTIFICACIÓN, MEDIDA, ORGANIZACIÓN ESPAZO-TEMPORAL...),E PARTINDO DA VIVENCIACIÓN, EXPERIMENTACIÓN E DA MANUPULACIÓN ATA CHEGAR A UNHA REPRESENTACIÓN.

DESENVOLVEMOS UN TALLER SEMANAL COMBINANDO ACTIVIDADES VIVENCIAIS, MANIPULATIVAS E DE REPRESENTACIÓN GRÁFICA, CO FIN DE FAVORECER A INTERIORIZACIÓN DESDE A EXPERIENCIA PROPIA, ASÍ COMO TAMÉN A ESCOITA ACTIVA, RESPETO DE TURNO E A PARTICIPACIÓN ACTIVA.NESTE TRIMESTRE TANTO OS TALLERES COMA AS PROPOSTAS ESTIVERON ENFOCADAS A TRABALLAR CONCEPTOS COMO A IDENTIFICACIÓN DE ATRIBUTOS, O EMPARELLAMENTO, A SERIACIÓN E A CLASIFICACIÓN DE OBXECTOS, O CONTEO E ASOCIACIÓN CO GUARISMO (NÚMERO), COMPOSICIÓN DE FORMAS XEOMÉTRICAS, LOCALIZACIÓN DE NOCIÓNES ESPACIAIS,... ORGANÍZANSE TENDO EN CONTA OS NIVEIS DE APRENDIZAXE PRESENTES NA AULA CO FIN DE RESPECTAR OS RITMOS E DESENVOLVEMENTO MADURATIVO DE CADA NENO E NENA



EMPREGAMOS ELEMENTOS NATURAIS, MATERIAL REUTILIZADO, ASÍ COMO OUTROS MATERIAIS ESTRUTURADOS COMO OS BLOQUES LÓXICOS DE DIENES, POLICUBOS, MATERIAL DA PEDAGOXÍA MONTESSORI,...



## LINGUAXES

O TRABALLO NO ÁMBITO DA LINGUAXE (ORAL E ESCRITA) XIRA EN TORNO A TRES EIXOS QUE CONSIDERAMOS FUNDAMENTAIS: OS REQUISITOS PREVIOS, A ESTIMULACIÓN DA EXPRESIÓN ORAL E A CONCIENCIA FONOLÓXICA.

OS **REQUISITOS PREVIOS** SON AQUELAS CONDICIÓNIS QUE É NECESARIO QUE OS NENOS E NENAS TEÑAN ADQUIRIDAS PARA QUE DESENVOLVAN UNHA ADECUADA CAPACIDADE LECTOESCRITORA.

TEÑEN QUE VER COA DESTREZA MANUAL, A PSICOMOTRICIDADE FINA (MOVEMENTOS MÁIS PRECISOS E COORDINADOS), A LATERALIDADE, A COORDINACIÓN ÓCULO-MANUAL, A PRENSIÓN, ETC.

A ESTIMULACIÓN DA CAPACIDADE DE **EXPRESIÓN ORAL** É DE GRANDE IMPORTANCIA PARA FOMENTAR A AMPLIACIÓN DE LÉXICO, PERFECCIONAR OU CORRIXIR DIFICULTADES DE DICCIÓN E PRONUNCIACIÓN E TAMÉN PARA PROGRESAR NA ADQUISICIÓN DE HABILIDADES RELACIONADAS CON ESTE ÁMBITO COMO A ESCOITA ACTIVA, A ATENCIÓN OU O RESPECTO DE QUENDAS DE PALABRA.

A ESTIMULACIÓN DA CAPACIDADE DE **EXPRESIÓN ORAL** É DE GRANDE IMPORTANCIA PARA FOMENTAR A AMPLIACIÓN DE LÉXICO, PERFECCIONAR OU CORRIXIR DIFICULTADES DE DICCIÓN E PRONUNCIACIÓN E TAMÉN PARA PROGRESAR NA ADQUISICIÓN DE HABILIDADES RELACIONADAS CON ESTE ÁMBITO COMO A ESCOITA ACTIVA, A ATENCIÓN OU O RESPECTO DE QUENDAS DE PALABRA.





POLA SÚA PARTE, A **CONCIENCIA FONOLÓXICA** É A CAPACIDADE PARA PROCESAR A LINGUAXE ORAL, DISCRIMINANDO CADA UNIDADE OU SEGMENTO (PALABRAS, SÍLABAS E FONEMAS).

ADEMAIS DE PROPOSTAS E TALLERES, NA ZONA DA AULA DEDICADA Á ÁREA DE LINGUAXE DISPOÑEMOS DE **MATERIAIS ESPECÍFICOS** QUE TAMÉN CONTRIBÚEN AO TRABALLO DESES TRES EIXOS, COMO OS RESAQUES, AS LETRAS DE LIXA OU O ALFABETO MÓBIL MONTESSORI




### CREACIÓNS SENSORIAL

A TRAVÉS DAS PROPOSTAS E TALLERES NESTE ESPAZO, AS NENAS E NENOS ADQUIREN UNHA SERIE DE APRENDIZAXES MEDIANTE A EXPERIMENTACIÓN, O DESCUBRIMENTO E A EXPRESIÓN QUE FOMENTAN O SEU DESENVOLVEMENTO SOCIOEMOCIONAL, COGNITIVO E ARTÍSTICO.

PÁRTESE DA IMPORTANCIA QUE TEÑEN AS SENSACIÓNS QUE ADQUIREN A TRAVÉS DAS EXPERIENCIAS ESTABLECIDAS COS MATERIAIS, CO ENTORNO E CON ELES MESMOS; DANDO LIBERDADE DE EXPLORAR, DESCUBRIR, COÑECER E DISFRUTAR OS SEUS SENTIDOS.





## NATUREZA

O CONTACTO COA NATUREZA E TOD@S OS SERES VIVOS QUE A HABITAN É MOI MOTIVANTE E IMPORTANTE PARA ESTES NENOS/AS SOBRE TODO A ESTAS IDADES, SON FONTE CONTÍNUA DE COÑECEMENTO, POR ISO NA ESCOLA PROCURAMOS QUE ESTEA MOI PRESENTE, E FACÉMOLO A TRAVÉS DE DIFERENTES CAMPOS E SITAUCIÓNS: SAÍDAS POLA CONTORNA, PLANTACIÓN DE BULBOS E PLANTAS, DE HORTALIZAS NA NOSA HORTA, COIDADOS...

AHORTA, AS PLANTAS DA ESCOLA...

VOZ NATURA

PROXECTO RÍOS

**VOZ NATURA.** COMO NOS ÚLTIMOS TRES ANOS, ESTE CURSO TAMÉN PARTICIPAMOS NO PROGRAMA DE EDUCACIÓN MEDIOAMBIENTAL DE *LA VOZ DE GALICIA*, DESENVOLTO POLA *FUNDACIÓN SANTIAGO REY FERNÁNDEZ-LA TORRE*. GRAZAS A EL DISPOÑEMOS DE PRESUPOSTO PARA MANTER AS HORTAS E CO QUE COLABORAMOS PARA CONCIENCIARNOS DA IMPORTANCIA DE COIDAR O NOSO PLANETA.

TAMÉN ADQUIRIMOS AS PLANTAS DE DECORACIÓN DA ESCOLA,

ASÍ PODEMOS APRENDER SOBRE AS SÚAS CARACTERÍSTICAS, CICLO DE VIDA, E NECESIDADES E COIDADOS QUE PRECISAN, OS BENEFICIOS QUE PODEN TER PARA AS PERSOAS.

PLANTAMOS BULBOS DE XACINTO, TULIPÁNS, ASÍ COMA ALLOS, CEBOLAS E DIFERENTES VERDURAS ADEMÁIS NO NOSO CASO, COMO UNHA DAS LEITUGAS DO CURSO PASADO NOS DEU SEMENTE QUE CAEU NA TERRA, NACERON LECHUGUIÑAS PEQUENAS, ALGUNHAS DAS CALES REPLANTAMOS NA HORTA E OUTRAS PUIDERON IR PARA QUE AS PLANTASEDES NOS VOSOS FOGARES.

CON **PROXECTO RÍOS**, UN PROGAMA N QUE PARTICIPAMOS EN COLABORACIÓN CO CPI DO MOSTEIRO E CEIP DE ARMENTEIRA, SAÍMOS AOS RÍOS QUE TEMOS PRETIÑO ANALIZANDO DIFERENTES ASPECTOS DO SEU REDOR, COMO A NECESIDADE DE ELIMINACIÓN DE LIXO, O CAL NOS PERMITE APRENDER NOCIÓNS DE RECICLAXE, COÑECEMENTO DE DIFERENTES ANIMALIÑOS OU VEXETACIÓN... ESTE CURSO ÍMONOS CENTRAR NO COÑECEMENTO DE ÁRBORES, CADA MES, TENTAREMOS AVERIGUAR COUSIÑAS DE DISTINTAS ESPECIES: CARBALLOS, CASTIÑEÍROS... INCLUSO IMOS FACER UN SEMENTEIRO PARA FUTURAS REPOBLACIÓNS







A EMOCIÓN POR ESTA FESTA PALPÁBASE DÍAS ANTES, NENOS E NENAS SÓ QUERÍAN QUE A AULA SE ENCHESE DE BECHOS E PROPOSTAS TERRORÍFICAS, E ASÍ FOI. O SAMAÍN CHEGOU CUNHA INSTALACIÓN DE XOGO NA QUE INTERACTUAR CON DIFERENTES ELEMENTOS E OFRECER UNHA TRANSFORMACIÓN DO ESPAZO. A PARTIR DESTA DÍA, E QUE SER PUIDO VIVIR TAMÉN NOS DISTINTOS OBRADOIROS E PROPOSTAS.

PERO SEN DÚBIDA O DÍA MÁIS ESPECIAL FOI DO DÍA DA PROPIA CELEBRACIÓN, ONDE VIÑEMOS CARACTERIZADOS DOS PERSONAXES MÁIS TERRORÍFICOS E PUIDEMOS REALIZAR UN TALLER DE CABAZAS, TANTO DE DECORADO (TRABALLANDO A CREATIVIDADE) COMO DE BALEIRADO (ATOPÁNDONOS CON MOITAS SENSACIÓNS TÁCTILES).





ESTE ANO, O MAGOSTO CONVERTEUSE NUN DÍA ESPECIAL NON SÓ POLA DEGUSTACIÓN DE CASTAÑAS, POSIBLE COA COLABORACIÓN DAS FAMILIAS, SENÓN TAMÉN POR SER O PRIMEIRO DÍA DE CONVIVENCIA ENTRE ESCOLAS, FOMOS AO MARCO, UN DÍA CHEO DE SOCIALIZACIÓN, EMOCIÓN E ENCONTROS. ESTE FOI ANTICIPADO CUN TALLER DE ARTE PARA A ELABORACIÓN DAS CESTAS DE CASTAÑAS NO QUE TRABALLAMOS A RECICLAXE, PERO TAMÉN A COORDINACIÓN ÓCULO MANUAL CO RASGADO DE PAPEIS E OUTRAS HABILIDADES DE MOTRICIDADE FINA. ESTE DÍA DESFRUTAMOS DE DIFERENTES OBRADOIROS, A DEGUSTACIÓN DE CASTAÑAS ASADAS E TAMÉN DUNHA SESIÓN DE CONTACONTOS NA QUE OS ESQUELETES, MORCEGOS E MONSTRUOS FORON OS PROTAGONISTAS, GRAZAS A COLABORACIÓN DA ANPA.





CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DE DISTINTAS CONMEMORACIÓN, COAS QUE SE TRATA DE DAR VISIBILIDADE A DIFERENTES SITUACIÓNS SOCIAIS QUE PRETENDEMOS MELLORAR, OU LOGROS QU QUEREMOS CELEBRAR, A TRAVÉS DO TRABALLO DE VALORES E O POLO TANTO CONCIENCIACIÓN SOCIAL DENDE A INFANCIA, LEVAMOS A CABO DIFERENTES ACTIVIDADES, COMA OBRADOIROS, LECTURA DE CONTOS, ELABORACIÓN DE MANUALIDADES... PERO SOBRE TODO, DIÁLOGO, MOITO DIÁLOGO...  
ALGÚNS FORON:

### OBRADOIRO IGUALDADE

OFRECIDO POLO  
CONCELLO



25N



### DÍA DA DISCAPACIDADE








## CONVIVENCIA

ESTE CURSO, COMO XA HOUBO MÁIS DE NORMALIDADE CA O ANTERIOR. XA NOS PERMITEN XUNTARNOS CON OUTRA ESCOLA, FORMANDO UN GRUPO BURBULLA. ASÍ, NESTE TRIMESTRE PUIDEMOS XUNTARNOS VARIAS VECES COS NÓSOS COMPAÑEIRAS/AS DE O MARCO, PRIMEIRO FOI NO MAGOSTO, AGORA EN PARADELA, UN LUGAR MOI ESPECIAL, NON SÓ POLAS CARACTERÍSTICAS DESTA ESCOLIÑA, SENÓN TAMÉN PORQUE NELA ORGANIZÁRONSE UNS OBRADOIROS MOI MOTIVANTES...



## XOGO LIBRE



## NATUREZA





RADIO



EXPERIMENTACIÓN



XOGO LIBRE



TEATRO





O NADAL É UNHA CELEBRACIÓN CULTURAL ASENTADA DENDE FAI TEMPO NA NOSA TERRA, E TENDO EN CONTA QUE AS APRENDIZAXES DO ALUMNADO VENSE BENEFICIADAS SE ESTÁN RELACIONADAS COA CONTORNA PRÓXIMA, XA QUE ASI PODEN RESULTAR MÁIS MOTIVANTES, DENDE O COLE DECIDIMOS DARLLE CABIDA A TRAVÉS DE DIFERENTES ASPECTOS: COAS PROPOSTAS REALCIONADAS COS DIFERENTES ESPAZOS: LINGUAXES, LÓXICAMATEMÁTICA, ARTE-SENSORIAL, ASÍ COMA COS TALLERES DESEÑADOS PARA TRABALLAR DIFERENTES ASPECTOS DESTES CAMPOS.

PERO ADEMÁIS CONTAMOS TAMÉN CON ACTIVIDADES CUN CARÁCTER MÁIS ESPECIAL, COMO SON:

A INSTALACIÓN DE NADAL, CREADA CON ELEMENTOS TÍPICOS DESTA CELEBRACIÓN.

A ELABORACIÓN DA POSTAL DE NADAL, XA QUE COMA CADA ANO QUEREMOS QUE OS NENOS/AS ELABOREN UNHA TAREFA DE CARÁCTER ARTÍSTICO, PERO TAMÉN QUE EXPERIMENTEN A ILUSIÓN DE RECIBIR NA CASA UNHA CARTA TRADICIONAL ELABORADA POR ELES MESMOS.

UN ADORNO PARA DECORAR O FORGAR NESTAS DATAS TAN SINALADAS, COA ELABORACIÓN DO CAL NESTE CASO APOSTAMOS TÉCNICA DE MODELADO E POSTERIOR DECORACIÓN.

A CARTA AOS REIS MAGOS, QUE GRAZAS Á COLABORACIÓN COA ANPA, PODERÁN ENTREGAR AOS PAXES REAIS, COA ILUSIÓN DE QUE AS SÚAS PETICIÓN S SE FAGAN REALIDADE.



COMO VEDES, TIÑAVAMOS PENSADAS UNHA CHEA DE ACTIVIDADES XUNTO CUNHA SÚPERINSTALACIÓN, PERO LAMENTABLEMENTE TOCOU MARCHAR PARA A CASIÑA...

## INSTALACIÓN S

O QUE SE PRETENDE CUNHA INSTALACIÓN DE XOGO UO ARTÍSTICA, É TRANSFORMAR O ESPAZO PARA PROOCAR NO NEN@ UNHA EMOCIÓN, UN PRACER, UN COÑECEMENTO OU UNHA APRENDIZAXE A TRAVÉS DA ORDEN ESTÉTICA E CUNHA ACTITUDE LÚDICA.

O QUE TRATAMOS É DE PROVOCAR A SÚA DECONSTRUCCIÓN, TRANSFORMACIÓN E NOVA CONSTRUCCIÓN. OS NENOS/AS DEBEN DESCUBRIR COMO FUNCIONA ESE ESPAZO, CRANDO UNHA RELACIÓN CON NÓS, OS ADULTOS, DE COLABORACIÓN, ENCONTRO E ENTENDEMENTO, INTRODUCÍNDOS NO SEU XOGO. CON ESTE TIPO DE ACTIVIDADE O QUE SE PROMOVEN SON ACCIÓN DE IMITACIÓN, EXPLORACIÓN, TRANSFORMACIÓN SIMBÓLICA...

NESTE TRIMESTRE LEVAMOS A CABO DUAS INSTALACIÓN S DE TEMÁTICA DIFERENTE: SAMAÍN E TIÑABAMOS PROGRAMADA UNHA MOI CHULA DE NADAL TAMÉN.





NAS CLASES DE LINGUA ESTRANXEIRA UTILIZAMOS CANCIÓNS, CONTOS, VÍDEOS E MATERIAIS DA CLASE PARA APRENDER VOCABULARIO E EXPRESIÓNS SINXELAS.

NO PRIMEIRO TRIMESTRE COMEZAMOS REPASANDO E APRENDENDO AS **CORES** A TRAVÉS DAS CANCIÓNS: **"CRAZY COLOURS CREATURES"**, **"RAINBOW COLOURS"**, **"COLOURS ACTION"** ENTRE OUTRAS E DIVERSOS VÍDEOS COMO POR EXEMPLO OS DE STEVE AND MAGGIE. UTILIZAMOS EXPRESIÓNS COMA: **"WHAT COLOUR IS THIS? IT IS..."**, **"WHAT'S YOUR FAVOURITE COLOUR? MY FAVOURITE COLOUR IS..."**, **"I LIKE..."**

COMO TODOS OS ANOS CELEBRAMOS A FESTIVIDADE DE **"HALLOWEEN"** QUE TANTO LLE GUSTA AO ALUMNADO CON CANCIÓNS, VÍDEOS, FLASHCARDS E MATERIAIS DA AULA. UTILIZAMOS EXPRESIÓNS COMA: **"WHAT IS THIS? IT IS A..."** TAMÉN APRENDEMOS AS **FORMAS** UTILIZANDO BLOQUES LÓXICOS, FLASHCARDS E CANCIÓNS COMA **"THE SHAPE SONG"** ENTRE OUTRAS.

UTILIZAMOS EXPRESIÓNS COMA: **"WHAT SHAPE IS THIS? IT IS A..."**, **"WHERE IS THE...?",** **"CAN YOU FIND A...?"**

CELEBRAMOS **"CHRISTMAS"** BAILANDO E CANTANDO CHRISTMAS CAROLS COMA: **"RUDOLPH THE RED NOSED REINDEER"**, **"JINGLE BELL ROCK"**, **"SNOWFLAKE"** ENTRE OUTRAS E APRENDENDO VOCABULARIO COAS FLASHCARDS E MATERIAL DAS AULAS.



MÚSICA

A PARTIR DE CANCIÓNS, TRABALLÁRONSE ASPECTOS COMO AS HABILIDADES PSICOMOTORAS, A VIVENCIA DO RITMO NO PORPIO CORPO OU CON INSTRUMENTOS, O ACOMPAÑAMENTO DE CANCIÓNS CON XESTOS, A ENTONACIÓN, A DRAMATIZACIÓN, A DANZA INDIVIDUAL E COLECTIVA... É IMPORTANTE LEMBRAR A IMPORTANCIA DA MÚSICA NESTA ETAPA Á HORA DE FOMENTAR RELACIÓNS, IDENTIFICAR EMOCIÓNS, FAVORECER A RELAXACIÓN OU A DESINHIBICIÓN, DESENVOLVER A MOTRICIDADE, TANTO FGROSA COMA FINA, TRABALLAR A XESTICULACIÓN, MELLORAR A EXPRESIÓN ORAL E A MEMORIA, A CREATIVIDADES..

DENDE O PRINCIPIO DE CURSO, AS "CANCIÓNS MOTORAS" ESTÁN MOI PRESENTES, O LUNS O SEÑOR LEÓN, O MARTES A MEDUSA, O MÉRCORES O MONO AMELIO..., CANTAMOS TAMÉN CANCIÓNS QUE TIÑAN QUE VER COAS TEMÁTICAS QUE SE TRABALLARON NAS AULA, OU COAS CELEBRACIÓNS (MAGOSTO, SAMAÍN, NADAL...):

**FOGO NICOLÁS, DEBAIXO DA FIGUEIRA, A BRUXA REGAÑADENTES, DIN DON DAN, O PELO ROXIÑO...** TODAS ELAS ACOMPAÑADAS DE PERCUSIÓN CORPORAL, INSTRUMENTOS DE PEQUENA PERCUSIÓN, XESTOS, MOVEMENTO POLO ESPAZO, BAILE...






O PROFE UTILIZA INSTRUMENTOS (GUITARRA SOBRE TODO, XILÓFONO, TECLADO OU ACORDEÓN) PARA ACOMPAÑAR AS CANCIÓNS. O ALUMNADO EMPREGA NALGUNHA OCASIÓN CAMPÁS MELÓDICAS OU XILÓFONOS, GUIADOS, DE XEITO QUE POIDAN EXPERIMENTAR DE FORMA DOADA COAS MELODÍAS. NOUTROS MOMENTOS TOCAN PANDEIRETAS PEQUENAS, TRIÁNGULOS, CAIXAS CHINESAS, CLAVES, OVOS SONOROS, MARACAS...

O MOVEMENTO É FUNDAMENTAL NA CLASE DE MÚSICA, POR ISO MOITAS DAS CANCIÓNS ACOMPÁÑANSE DE BAILE E COREOGRAFÍAS SINXELAS, NAS QUE SE TRABALLA O RITMO, A COORDINACIÓN DO PROPIO MOVEMENTO E COS DEMÁIS, A COHESIÓN DE GRUPO... REALIZAMOS XOGOS DE DEDOS OU MANS, QUE IMPLICAN CANTAR UNHA MELODÍA E SEGUIR UN RITMO, ADEMÁIS DE EXERCITAR A COORDINACIÓN OLLO-MAN

APRENDEMOS TAMÉN ALGUNHAS NOTAS MUSICAIS E CANTÁMOLAS EMPREGANDO AS MANS COMO APOIO VISUAL (QUIRONOMÍA), O QUE FACILITA A ENTOACIÓNS CORRECTA E A ATENCIÓN. EN MOITAS DAS SESIÓNS ADICAMOS UN TEMPO AO TEATRO. DRAMATIZAMOS CONTOS COÑECIDOS POLA RAPAZADA, TAMÉN CON MÚSICA: *CORRE CORRE CABACIÑA*, *A BRUXA REGAÑADENTES*, *O PAPÓN*, *O COELLIÑO BRANCO*, *A TOUPIÑA*... É UN RECURSO EXCELENTE PARA INCENTIVAR ASPECTOS COMA A LINGUAXE, A EXPRESIÓN CORPORAL, A MEMORIA, A ATENCIÓN, A EMPATÍA, A DESHINBIÇÃO, O GUSTO POLA LECTURA E AS ARTES ESCÉNICAS...



## PSICOMOTRICIDADE

A INTERVENCIÓN MOTRIZ TEN AO CORPO COMA PRINCIPAL ÁREA DE TRABALLO. O CORPO EN MOVEMENTO E A SÚA RELACIÓNS COS ESPAZOS, COS OBXECTOS E SOBRE TODO COS IGUAIS VÉN MARCADA POLO PROPIO ESTADO MADURATIVO DE CADA NENO/A, XUNTO AS SÚAS EXPERIENCIAS PREVIAS, POLO QUE AS PROPOSTAS PRESENTADAS EN CADA SESIÓNS ESTÁN PENSADAS PARA QUE CADA QUEN ACTÚE DE XEITO AUTÓNOMO, INVITADOS POLO PROPIO AMBIENTE LÚDICO DA ACTIVIDADE, E BOTÁNDOSE DE CHEO Á AVENTURA DO MOVEMENTO...



### QUE FIXESTES NO VERÁN?

UNHA SIMPEL CUESTIÓN SÉREVE COMO PUNTO DE PARTIDA PARA QUE XORDAN ACTIVIDADES COMA ESTAS, NAS QUE XOGAN A PESCAR PEIXES





DURANTE AS PRIMEIRAS SEMANAS OS OBXECTIVOS XIRARON EN TORNO Á EXPERIMENTACIÓN COS NOVOS ESPAZOS E MATERIAIS A INTERERACTUAR NUN ESPAZO QUE INVITA AO MOVEMENTO (PESE ÁS SÚAS LIMITACIÓNS) E NO QUE HAI QUE CONVIVIR CON OUTROS NENOS/AS. ISTO NON É SEMPRE DOADO, SOBRE TODO PARA O ALUMNADO QUE ACABA DE CHEGAR. CREAR UN BO AMBIENTE DE CONVIVENCIA FOI A META FUNDAMENTAL NAS PRIMEIRAS SEMANAS

PARA CONTRIBUIR A ISTO ESTABLECÉRONSE PEQUENAS RUTINAS A TRAVÉS DE TRES FASES NA SESIÓN. NUNHA PRIMEIRA, DE INICIACIÓN, TIRAMOS DE CANCIÓNS COMA. *OLA OLA, LÁ (MAMÁ CABRA)* OU *COAS MIÑAS MANS (PABLO DÍAZ)*, PARA CREAR UN AMBIENTE QUE INVITE A COÑECERNOS, FACENDO BRINCADEIRAS COS NOMES E APROVEITANDO PARA INCLUIR MOVEMENTO.



NA FASE PRINCIPAL DA CLASE, O XOGO DE CARÁCTER SOCIALIZADOR TIVO UNHA ESPECIAL RELEVANCIA DURANTE AS 5 PRIMEIRAS SEMANAS, PERO TAMÉN O INDIVIDUAL. NO ÚLTIMO TREIRO DA SESIÓN FACEMOS UNHA VOLTA Á CALMA, ONDE COMEZAMOS A INTRODUCIR CANCIÓN NAS QUE ACHEGARSE AO CORPO EN CONCEPTO, EN "ESQUEMA", PERO SOBRE T



*CANCIÓNS POPULARES DOS DEDOS, DAS MANS OU OUTRAS PARTES DO CORPO, ACTIVIDADES DE MASAXE, IOGA... SON UN HABITUAL PARA A RELAXACIÓN.*

A COTÍO É NECESARIO INCLUIR UNHA ÚLTIMA TAREFA ANTES DE REMATAR A CLASE, UNHA PEQUENA FASE DE REFLEXIÓN OU DIÁLOGO NA QUE FALAR NON SÓ DAS EXPERIENCIAS DE CADA QUEN, SENÓN TAMÉN IR VERBALIZANDO AS POTENCIALIDADES E OS LÍMITES DA PROPIA ACCIÓN INDIVIDUAL E NAS CONSECUCIÓNS DE CERTOS ACTOS NO GRUPO E/OU NOS MATERIAIS E ESPAZOS, E IR ASÍ CONSTRUÍNDO POUCO A POUCO ENTRE TOD@S ESE MARCO DE CONVIVENCIA NA PROPIA AULA.

AÉ UN AMBIENTE NO QUE É HABITUAL QUE XURDAN CONFLITO. O ENFOQUE É QUE A NORMA NAZO COMO FROITO DESTES, POIS O OBXECTIVO NON É APRENDER NORMAS, É APRENDER A CONVIVIR, ASÍ O XOGO ERÍXESE COMA O NOSO "AI FA F OMFGA"



APESE A QUE A U EN PSICOMOTRICIDADE SE TRABALLA DE XEITO GLOBAL, AS SEGUINTESEMANAS AS PROPOSTAS CENTRÁRONSE MAIORITARIAMENTE NO TRABALLO DO ESQUEMA CORPORAL, AÍNDA QUE TAMÉN HOUBO QUE INCLUIR MOITAS ACTIVIDADES DIRIXIDAS A FOMENTAR A AUTONOMÍA, TONICIDADE XERAL E, MÁIS CONCRETAMENTE, NAS MANS (INTRODUCINDO PROPOSTAS E XOGOS ONDE TIVISEN QUE AGARRAR, TIRAR, MANIPULAR, EMPURRAR, GATEAR, ETC...)



O USO DA FORZA SOE SER UN ARGUMENTO QUE ÁS VECES COSTA DEIXAR DE EMPREGAR



O XOGO DA LAVADORA

TAMÉN FIXEMOS SESIÓNS TEMÁTICAS NAS QUE O FÍO CONDUCTOR ERA BEN UNHA CANCIÓN, UN CONTO OU BEN UN CONTO MUSICADO COMA NO CASO DE *A CASA DA MOSCA CHOSCA*, QUE NOS SERVIU PARA NON SÓ FACER CERTOS MOVEMENTOS SEGUNDO O ANIMAL QUE FOSE VISITAR A MOSCA, SENÓN REFLEXIONAR SOBRE A NECESIDADE DE COMPARTIR, DE RESPECTAR... CONFLICTOS MOI COMÚNS Á HORA, POR EXEMPLO, DE COMPARTIR MATERIAL. ADEMÁIS DURANTE O SAMAÍN CONVERTÍMONOS EN PANTASMAS, XOGAMOS CON CABACIÑAS (PELOTAS) AXUDÁNDOLLE Á VELLIÑA PROTAGONISTA DO CONTO A ESCAPAR DAS FERAS, VALÉMONOS DA DRAMATIZACIÓN E EXPRESIÓN CORPORAL PARA TRABALLAR DE XEITO CREATIVO A CORPORALIDADE AO TEMPO QUE DESENVOLVEMOS AS HABILIDADES BÁSICAS.





O TRABALLO INTERDISCIPLINAR É UNHA CONSTANTE E TAMÉN FIXEMOS UNHA INTRODUCCIÓN AOS PASOS BÁSICOS DO HIP HOP. TIRAMOS MOITÍSIMO DA ESCOITA DE DIFERENTES ESTILOS DE MÚSICA PARA SENTIR O RITMO A TRAVÉS DO CORPO (ASÍ COMA O NOSO PROPIO RITMO MUSICAL).

PARA DAR RESPONSA ÁS NECESIDADES INDIVIDUAIS DE CADA NENA E NENO INTÉNTASE NON SÓ PROPOÑER ACTIVIDADES E XOGOS ABERTOS E FLEXIBLES, SENÓN QUE SE ALTERNA ESTE MODELO METODOLÓXICO CON OUTROS, INTRODUCINDO SESIÓNS CON AMBIENTES DE APRENDIZAXE E ONDE O ALUMNADO, BEN CON UN ESPAZO PREVIAMENTE ESTRUTURADO, BEN PRESENTÁNDOLLES PREVIAMENTE O MATERIAL QUE VAN UTILIZAR, XOGAN DE FORMA AUTÓNOMA PERO EN BASE A UNHAS INTENCIONALIDADES E OBXECTIVOS PREVIOS.



O AMBIENTE SOE PRESENTARSE XA INSTALADO, COMA ESTA PROPOSTA PENSADA PARA QUE TRABALLEN E FAGAN XOGOS ONDE IMPERE A MOTRICIDADE GROSA

AS RESPOSTAS ADOITAN SER RICAS E DIVERSAS XA QUE O PROPIO AMBIENTE INVITA AO MOVEMENTO.

MOIATAS OUTRAS VECES TEMOS QUE TIRAR DE "PROVOCACIÓNS" BUSCANDO AMPLIAR O ABONO DE RESPONSA, OU MESMO CONTEXTUALIZAR O AMBIENTE COMA NO SEGUINTE EXEMPLO ONDE SE PARTE DUN ESPAZO CON SÓ UNS PANOS NO CHAN PARA IR CONTANTO UNHA HISTORIA DE VERMES QUE SE CONVERTEN EN BOLBORETAS... A PARTIR DE AÍ A HISTORIA XIRA EN TORNO A BUSCAR A RESPONSA A CONTRUÍR UNHA CASA PARA TODAS UTILIZANDO O PANO QUE CADA UN TIÑA



AOUTRO EXEMPLO DE PROPOSTA QUE FIXEMOS PARA TRABALLAR A CORPORALIDADE E A COORDINACIÓN ÓCULO-SEMENTARIA.



A NESTE MODELO DE SESIÓNS, SON FUNDAMENTAIS AS VERBALIZACIÓNS, TANTO INICIAIS (FACENDO CONXETURAS SOBRE QUE SE PODE OU NON SE DEBE FACER CON X ELEMENTOS) COMA FINAIS (VERBALIZAR SOBRE A ACCIÓN, REMEMORANDO, VALORANDO, REFLEXIONANDO E MESMO REPRESENTANDO). AS RESPONSA DO ALUMNADO SOEN SER MOI DIVERSAS E CREATIVAS.







O DÍA DO SEU ANIVERSARIO CONMEMORÁMOLO AO ESTILO MONTESSORI; É DICIR, A CELEBRACIÓN DA VIDA. ESTÁ CELEBRACIÓN SIMBOLIZA AS VOLTAS DA TERRA AO REDOR DO SOL; É DICIR, OS ANOS QUE CUMPRE O NENO.

PARA CELEBRALO PODÉMOLO ESCENIFICAR DUNHA MANEIRA SIMBÓLICA UTILIZANDO ALGO QUE REPRESENTA AO SOL, AO UN GLOBO TERRÁQUEO, FOTOS DO NENO (POLO MENOS UNHA POR CADA ANO) E CARTEIS COS MESES DO ANO PARA POÑER AO REDOR DO SOL.

OS NENOS E NENAS SENTAN FORMANDO UNHA ELIPSE (COMO A ÓRBITA DA TERRA) E EXPLÍCÁSELLE QUE IMOS CELEBRAR O ANIVERSARIO DESE NENO OU NENA PASEANDO AO REDOR DO SOL.

ISTO PERMITE AO HOMENAXEADO INTERIORIZAR O CONCEPTO DE CUMPRIR ANOS, Á VEZ QUE TEN UNHA FINALIDADE DIDÁCTICA. AXUDA A QUE ENTENDA O QUE REALMENTE SIGNIFICA CUMPRIR ANOS.

ELES SÉNTENSE ESPECIAIS NESTE DÍA E PODEN COMPARTILO COS SEUS COMPAÑEIRAS OU COMPAÑEIRAS, SOBRE TODO A TRAVÉS DAS FOTOS QUE NOS PROPORCIONA A FAMILIA. É UNHA FORMA SIGNIFICATIVA E MOI ILUSTRADA DE CELEBRAR OS ANIVERSARIOS.





**BOAS FESTAS**

